Técnicas de planificación de mantemento. Xestión do mantemento. Procedementos para a planificación. Indicadores de control do mantemento. Follas de ruta. Instrucións de mantemento de fabricantes. Parámetros de axuste para a mellora do mantemento: criterios e valores de aceptación. Recepción de materiais. Uso de catálogos dos fabricantes para a determinación da compatibilidade. Instrucións dos fabricantes. Ferramentas informáticas para a organización do mantemento e o control das avarías.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Mantemento de instalacións eléctricas - Tipos e tarefas asociadas o mantemento de instalacións eléctricas	- expon os tipos de mantementos necesarios nunha instalación electrotecnica - explica as operacións e gamas de mantemento dos distintos dispositivos eléctricos	realiza un plan de mantemento dun edificio	Realizar un plan de mantemento de edificios	Ordenadores con conexión a internet e proxector. Aula virtual. Normativa e recursos TICs. Aplicacións ofimáticas. Webex.	- PE.1 - partes susceptibles de mantemento - PE.2 - procedementos de operacións de mantemento - PE.3 - programar protocolos de mantemento - PE.4 - Instrucións dos fabricantes - PE.5 - estudio de funcionamento de elementos en mantemento - PE.6 - compatibilidade de equipos - TO.1 - aprovisionamento do mantemento - TO.2 - elaboración de protocolos de mantemento	12,0
Xestión de residuos - coñecer ambitos transversais dos procesos electrotécnicos	- explica os diferentes tipos de residuos e a súa clasificación según LER - expon o RAEE	- estudan o RAEE - realizan un resumen do RAEE	resumen RAEE. Plan xestión residuos.	Ordenadores con conexión a internet e proxector. Aula virtual. Normativa e recursos TICs. Aplicacións ofimáticas. Webex.	- PE.7 - tipos de residuos - TO.3 - programación de plans para a xestión	8,0



TOTAL

20,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Contemplando os posibles escenarios en función do alumnado teremos: actividade lectiva presencial, semipresencial e ou non presencial.

Actividade presencial:

- A metodoloxía enmarcarase dentro dunha concepción constructiva da aprendizaxe, creando contextos de aprendizaxe que sexan significativos, fomentando a participación activa do alumnado na adquisición de coñecementos.
- O traballo adecuarase ós coñecementos previos do alumnado, procurando activar eses intereses cunha motivación adecuada. Trataráse de dar en todo momento unha visión práctica dos contidos, procurando facer un traballo de aula o máis semellante posible ó dunha oficina técnica, para que o alumnado se vaia familiarizando co mundo da empresa.
- Liñas metodolóxicas xerais:
 - Busca-lo equilibrio entre o oral e o escrito. Calquera das dúas formas de expresión teñen unha importancia moi significativa para o desenvolvemento adecuado do traballo dun técnico superior.
 - Traballar con prácticas reais e simulacións, recollidas de situacións cotidianas no traballo dun Técnico.
 - Fomentar aspectos de investigación-descubrimiento, para lograr que o alumnado sexa activo.
 - Secuenciar actividades de reforzo e ampliación coa finalidade de respecta-los diferentes ritmos de aprendizaxe, e polo tanto, un mellor tratamento da diversidade.

Por outra parte, no traballo diario de aula:

- O alumnado recollerá notas das explicacións do profesor, necesarias para o correcto desenvolvemento das tarefas.
- O alumnado realizará as tarefas propostas para cada unidade didáctica de forma autónoma e independente, aínda que baixo a continua supervisión e control do profesor.
- O alumnado deberá realizar traballos en grupo, desenrolando así a súa capacidade de traballo en equipo.



- Levarase un exhaustivo control de cada un dos alumnos/as de xeito que o profesor terá que saber en cada momento as capacidades de cada alumno/a, o grao de comprensión da materia impartida, a súa actitude fronte ó traballo, tanto de xeito independente como en equipo, etc.
- O conxunto de alumnado formará un grupo uniforme que avance a un mesmo ritmo de traballo, de maneira que, non poderá haber alumnos/as que deixen descolgada unha parte da materia dunha unidade didáctica para poder seguir o ritmo dos outros compañeiros/as.

Para avaliar o módulo de " Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas ", empregaranse as seguintes consideracións xerais comúns a todo o ciclo formativo, ademais dos instrumentos que se detallan no apartado 4c:

- Orde e limpeza no manexo da documentación.
- Rigor na interpretación da documentación.
- Orde e método no traballo.
- Respecto polas normas de conservación dos útiles e ferramentas de xestión de proxectos.
- Valoración do alcance da calidade prevista nos traballos realizados.
- Rigor na correcta interpretación de normas e recomendacións de calidade e seguridade.
- Preocupación polo correcto arquivo e presentación da documentación.
- Atención á necesidade de traballar en grupo para determinadas intervencións.
- Rigor no seguimento dos pedidos realizados..
- Atención á utilización do soporte informático (TICs).
- Atención na realización de fichas de control elaboradas en materia de seguridade e calidade.
- Atención extrema á realización de copias de seguridade.
- Respecto polas normas de seguridade e sanitarias.

Durante o presente curso non se contará con ningún libro de texto específico, utilizando apuntes do profesor a través da aula virtual do centro. Se complementará o material didáctico do alumnado cun caderno para resolver as tarefas.

Dado que o módulo impartirase, no seu maior parte, no aula de informática, utilizaranse con frecuencia recursos informáticos (TICs), regamentos oficiais, proxectos de instalación, e información comercial de material eléctrico.

O apoio informático precisará da utilización do aula para tal fin, composta por ordenadores con conexión a internet e aplicacións ofimáticas de folia de cálculo, editor textos, autocad, etc e de simulación de circuitos electrotécnicos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A avaliación será inicial e continua:

A sesión de avaliación inicial realizarase no primeiro mes do curso. Servirá para constatar o nivel do alumno antes de comezar o proceso de ensino aprendizaxe e para que o equipo docente faga un diagnóstico de



partida de cada alumno e do conxunto do grupo. A avaliación inicial é un dos elementos que nos indica a necesidade de adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilidade modular.

Na avaliación continua:

- a) O alumnado deberá superar todas as tarefas de aula establecidas como mínimas.
- b) O alumnado que utilice métodos fraudulentos para intentar superar o módulo, terá perda do dereito os controis periódicos, tendo dereito só a exame ordinario.
- c) A asistencia implica o dereito á avaliación continua, e a non asistencia a perda de dita avaliación, tendo dereito só a exame extraordinario.
 - A cualificación levarase a cabo de forma parcial, ao remate das unidades didácticas ou grupo das que conforman cada unha das unidades formativas e tamén ó longo de todo o proceso de ensinanza.
 - Avaliarase a participación na clase e a realización de exercicios de simulación (visitas, exercicios propostos, etc.).
 - Levarase a cabo a lo menos unha proba individual por cada avaliación ordinaria.
 - Realizaráanse controis periódicos nos que se poderán incluír cuestionarios tipo test, probas e exercicios prácticos da materia impartida.

Baremación:

Detallase no apartado 4c e sobre o conxunto tense en conta a seguinte ponderación:

- Instrumentos de avaliación: 90%
- Actitudes: 10% (Disposición, colaboración, participación,...)

Para obter a nota realizarase a media aritmética ponderada dos instrumentos de avaliación e actitudes. Cualificarase en números enteiros de 0-10, debendo o alumnado obter unha cualificación igual ou superior a 5 para superar o módulo.

Os criterios de cualificación non se aplicarán, e en consecuencia supoñerán o suspenso do alumnado na avaliación en curso:

1. Cando lle falte algún traballo por entregar na avaliación. Estes traballos han de entregarse na data indicada polo profesor, calquera demora neste aspecto, salvo causa debidamente xustificada, carrega unha penalización do 50% na nota obtida en devandito traballo.
2. Cando a nota en algún dos instrumentos de avaliación (probas escritas, tarefas,...) sexa inferior a 4,5 puntos.
3. Cando a nota en actitudes sexa inferior a 4,5 puntos.

Se se realizan actividades de recuperación dentro da avaliación, a calificación obtida terase en conta para o cálculo da nota, substituindo a calificación da tarefa anterior.

Cando un alumno ou alumna queira subir nota, farase unha proba que abarque toda a avaliación, e, en ningún caso se gardará a nota anterior.

O alumnado que por algunha causa xustificable non asista a unha proba, faráselle a mesma o día da recuperación.

En todo caso, nos controis indicárase a puntuación de cada apartado e tamén se existen apartados ou preguntas eliminatorios.

Mínimos esixidos: Os mínimos esixibles son os criterios dos apartados 4c



Cando o alumnado non acade o 45% da puntuación dos criterios nalgún dos instrumentos da avaliación e actitudes, incluso, despois das actividades de recuperación, automaticamente a calificación da avaliación será de insuficiente.

O alumnado deberá presentar un mínimo de traballos realizados na aula. Se non ten realizados os traballos, que o profesor indicará en cada avaliación como mínimos, a calificación da avaliación será de insuficiente.

Actividade non presencial:

Partindo do sinalado na actividade presencial e respetando as súas previsións referidas aos aspectos xerais da avaliación, criterios de cualificación (porcentaxes para instrumentos de avaliación e actitudes) así como respetando as datas de avaliación previstas en calendario de Centro procederemos a adaptar as novas ferramentas de avaliación tendo en conta:

-A nova metodoloxía a distancia implementada.

-Recursos TIC dispoñibles polo alumnado

-A posibilidade de demostrar de xeito fiable que foron realizados polo alumnado.

-A avaliación final das aprendizaxes do alumnado considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grado de desenvolvemento dos resultados de aprendizaxe e das competencias fundamentais, previamente definidas.

-O alumnado e/ou as familias son informadas a través de correo electrónico, aula virtual, e videoconferencia Webex, de que o alumnado terá que realizar semanalmente as tarefas oportunas e as probas pertinentes para poder acadar unha cualificación positiva na avaliación final do curso.

-A documentación xerada de todos aqueles alumnos/as que teñan unha ponderación debe estar almacenada de xeito rigoroso, localizables e dispoñibles para os departamentos e Inspección educativa de cara a que teña de ser revisada no caso de reclamacións nas avaliacións finais por parte do alumnado.

Todo o alumnado manifestou dispor de acceso a Internet e ordenador persoal ou móbil para realizar o seguimento do módulo a distancia. De feito, ó comezo do curso infórmase o alumnado que o material de clase está colgado na aula virtual (Moodle) do centro. En caso de que o alumnado non poda seguir a ensinanza telemática dotaráselle dos mecanismos necesarios (fotocopias en papel, pcs,...) para o seguimento normal do módulo.

Durante o período sen clases presenciais, contemplaranse as características especiais deste período de docencia. Todo elo para facilitar a autonomía no seguimento do módulo a distancia:

- Uso da Aula virtual do centro como durante a actividade presencial: Moodle como medio para publicar contidos e tarefas a realizar de forma semanal.

- Utilízase a aplicación Webex no horario habitual das clases presenciais do curso, para explicacións dos contidos mediante apuntes detallados colgados no Moodle e solucionaranse as dúbidas que xurdan.

- Seguimento e corrección das tarefas, actividades e traballos que o alumnado realiza e entrega mediante o correo electrónico ou aula virtual.

- Inclusión de vídeos para as explicacións dos contidos mínimos.

Dado que todo o alumnado, disporá de medios tecnolóxicos para o desenrolo adecuado do seguimento das actividades online, dedúcese que non existe impedimento maior na continuidade das aprendizaxes.

Dadas as características cas que temos que continuar o proceso de ensinanza-aprendizaxe nesta actividade sen clases presenciais, e co principal obxectivo de que o alumnado se vexa prexudicado o máis mínimo posible ,realízanse os cambios seguintes:

- Infórmase semanalmente o alumnado que todos os documentos que realicen, froito das tarefas e exercicios encomendados, serán almacenados, cara a súa posible revisión en caso de reclamacións nas avaliacións



finais por parte do alumnado.

- Utilízase o correo electrónico e a aula virtual para plantexar dúbidas e preguntas por parte do alumnado; e por parte do profesor como elemento auxiliar do seguimento.
- Nas tarefas realizadas polo alumnado valoraranse aspectos como: os prazos fixados, calidade de presentación, orde, orixinalidade.
- Para valorar a actitude terase en conta a consulta de dúbidas por parte do alumnado, o cumprimento de prazos, a iniciativa e orixinalidade, a creatividade mostrada polo alumnado e a asistencia as clases online.
- Para a recuperación das avaliacións pendentes, terase en consideración as tarefas realizadas, valorando os prazos, calidade de presentación, orde, creatividade, orixinalidade e as probas telemáticas realizadas.

Instrumentos:

- Fronte ás tradicionais probas prácticas en contornas reais e exames presenciais optarase por métodos que permitan a avaliación en liña tales como probas telemáticas (uso de cuestionarios en moodle, Webex, etc.); entrega de resumos, supostos prácticos, pequenos proxectos e exercicios. En todos eles valoraranse aspectos como respecto aos prazos de entrega, presentación, rigor técnico ou metodoloxía usada.
- Pódense grabar as probas telemáticas, con autorización previa do titor legal do alumnado. Quedando as mesmas para uso persoal do profesor.

Desde o punto de vista a diversidade do alumnado, procurarase adaptar a forma de enfocar ou presentar os contidos ou actividades en función de os distintos graos de coñecemento previos detectados nos alumnos, de os seus diferentes graos de autonomía e das dificultades identificadas en procesos anteriores con determinados alumnos/as. Propoñer actividades diferentes As actividades que planéense situaranse entre o que xa saben facer os alumnos autonomamente e o que son capaces de facer con a axuda que poden ofrecerlles o profesor ou os seus compañeiros/as.

Teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

- Realización das tarefas suscitadas durante cada semana.
- Observación e valoración do traballo na plataforma: acceso ao Moodle con asiduidade e participación en actividades suscitadas.
- Realización de test de avaliación continua a través de cuestionarios de Moodle na aula virtual do centro.
- Realización de probas telemáticas a través de Webex

Emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente que será a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do trimestre, de acordo coas seguintes proporcións:

- Tarefas semanais*: 30%.
- Exames da plataforma*: 60%
- Actitudes*: 10% (Disposición, participación,...)

Cada alumno/a será informado de xeito individual do resultado de cada tarefa/exame. Podendo este comunicarse co profesorado a través dos medios xa mencionados para calquera consulta e reclamación respecto diso.

*As tarefas, exames e as actitudes non se consideran superados, atendendo os mesmos criterios de cualificación que na actividade presencial.

Actividade semipresencial :

Partindo do sinalado nas actividades presenciais e non presenciais e respetando as súas previsións referidas aos aspectos xerais da avaliación, criterios de cualificación (porcentaxes para instrumentos de avaliación e actitudes) así como respetando as datas de avaliación previstas en calendario de Centro procederemos a adaptar as novas ferramentas de avaliación tendo en conta.



Poderán xurdir escenarios de semipresencialidade cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual promovendo a mesma metodoloxía, recursos e criterios que os propios da ensinanza telemática (no período non presencial) e/ou os utilizados na ensinanza presencial (no presencial).

Mínimos esixidos: Os mínimos esixibles son os criterios dos apartados 4c

A Avaliación final das aprendizaxes do alumnado consistirá:

- Os que teñan aprobadas todas as avaliacións : levarán a media aritmética ponderada das avaliacións.
- Os que teñan suspensa algunha das avaliacións:

Estará adicado o período de recuperación a facer tarefas de repaso e recuperación. As cales serán valoradas para poñer unha nota final. Ademais farase unha proba (presencial se é posible, ou a través de medios telemáticos).

Será obrigatoria a entrega das memorias ou traballos mínimos pendentes de cada avaliación para a súa recuperación.

Para obter a nota final realizarase a media aritmética ponderada dos instrumentos de avaliación e actitudes. Cualificarase en números enteiros de 0-10, debendo o alumno/a obter unha cualificación igual ou superior a 5 para superar o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividade presencial:

O alumnado que non adquire os Resultados de aprendizaxe mínimos de cada unidade didáctica, ó longo do curso, en cada trimestre faráselle repeticións de controis, exames, traballos teórico prácticos e probas prácticas e exercicios para poder recuperar as unidades didácticas non superadas.

Considerarase de cara a nota de fin de curso unha mellora favorable da mesma naqueles alumnos/as nos que se observase unha evolución positiva nas súas capacidades e na adquisición dos resultados de aprendizaxe. Neste caso o profesor valorará o esforzo realizado polo alumnado na nota final.

O profesor poderá non permitir a realización de determinadas actividades prácticas a aqueles alumnos/as que por non asistir no seu día e descoñecer a materia impartida poidan implicar algún tipo de risco para eles/as mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

Despois de cada avaliación, o alumnado que non a superaran, farán unha proba de recuperación na que terán que repetir as partes suspensas. Antes desta proba, e para axudar ó alumnado a recuperar as partes non superadas, deseñaranse e entregaranse unhas tarefas que axuden ó mesmo no proceso de aprendizaxe.

Ó remate da 2ª avaliación os alumnos/as que suspendan o módulo terán un período de recuperación ata a avaliación final de módulos, durante este tempo daráselles a axuda que necesiten para tentar de recuperar as partes non superadas.

Ó final do curso haberá unha proba teórico práctica para os alumnos/as que necesiten demostrar a adquisición dos Resultados de Aprendizaxe mínimos das Unidades Didácticas que non superaron anteriormente



durante o curso seguindo os criterios do apartado 5.

Dita proba poderase realizarse en varios días, a ser posible seguidos, cada un deles para unha unidade formativa diferente.

Será obrigatoria a entrega das memorias ou traballos mínimos pendentes de cada avaliación para a súa recuperación.

Aqueles alumnos/as repetidores e pendentes de cursos anteriores, daráselle a posibilidade de superar o módulo a través dos mesmos procedementos, instrumentos e criterios de cualificación como se están a realizar co resto do alumnado con avaliacións pendentes.

Actividade semipresencial e ou non presencial:

Nestas situacións simplemente cambian as clases de recuperación e as tarefas a entregar de forma telemática e a proba final*(pode ser a través de medios telemáticos Webex), previa a avaliación final, seguindo os mesmos criterios anteriores e do apartado 5.

Será obrigatoria a entrega das memorias ou traballos mínimos pendentes de cada avaliación para a súa recuperación.

Terase en conta unha posible modificación das condicións actuais sanitarias.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Actividade presencial:

No caso excepcional de que algún alumno/a superase o nº de faltas permitidas (o 10% do total, que como son 70 horas, serían 7 h que corresponden a 8 sesións), perdería o dereito a avaliación continua e neste caso faríase unha proba final extraordinaria, previa a avaliación final de módulos, seguindo os criterios establecidos no apartado 5.

O alumnado realizará unhas actividades expostas na aula virtual do curso.

As actividades serán entregadas segundo as datas indicadas na aula virtual e serán obrigatorias para aprobar o módulo.

Con posterioridade á entrega das actividades o alumnado terá que realizar un exame teórico-práctico* sobre os criterios de avaliación do módulo, que abordan toda a materia teórico-práctica desenvolvida durante o curso.

*Proba escrita, composta por: preguntas teóricas de breve contestación e problemas de aplicación, que englobe o conxunto da materia suspensa. Realizada nun tempo suficiente e concreto (comunicado en taboleiro de anuncios da aula virtual).

O profesor poñerá a nota para o módulo en función das actividades entregadas e a proba realizada; que será a nota final do módulo.

Cando o alumnado non obteña un 45% nalgunha das dúas partes: Actividades ou proba, automaticamente a cualificación será de insuficiente.



Ademais da posibilidade de perda do dereito á avaliación continua (10% de faltas) existe a baixa de oficio de todo o curso para o alumnado que falte 15 días consecutivos ou 25 días descontinuos as clases do módulo. As faltas xustificadas por estar traballando, enfermidade, accidente, etc., poderán ser valoradas como circunstancias excepcionais (inasistencia temporal) e o centro terá liberdade de criterio para facilitar ó alumnado a inserción laboral e a posibilidade de formación...

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Avaliación do funcionamento da Unidade Didáctica.

A partir das anotacións recollidas (diario da clase), polo profesor, elaborárase un informe sinxelo sobre o desenvolvemento na aula taller, das Unidades Didáctica/s, que podería quedar a disposición do profesorado do Ciclo Formativo xa que constitúe unha fonte imprescindible para mellorar o deseño en anos sucesivos. Poden ser puntos de reflexión, os seguintes:

-Recursos (materiais, organización, fontes de información, ...).

-Proposta de actividades de ensino aprendizaxe (interese promovido, si se desencadeou un proceso de indagación, nivel de apertura ou concreción das tarefas,

-Grao de dificultade das tarefas e se a súa secuencia é adecuada.

-Observacións e reflexións sobre os procesos de aprendizaxe do alumnado, estrutura das Unidades Didácticas: ¿significou avance?, ¿facilitou a aprendizaxe?.

Con respecto ó cumprimento da programación farase un control diario da materia impartida e realízase a comparación coa programación teórica (na aplicación para FP) para ver as posibles causas e as correccións pertinentes por parte do profesor. A maiores cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo (na aplicación para FP), no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. Levantárase acta de dito control.

A avaliación da práctica docente realízase mediante enquisas o alumnado e mediante a comparación de estatísticas co restante profesorado do módulo durante as sesións de avaliación.

En caso de xurdir actividade semipresencial e ou non presencial detallárase na aplicación de seguimento de programacións para FP.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realízase no primeiro mes do curso. Servirá para constatar o nivel do alumnado antes de comezar o proceso de ensino aprendizaxe e para que o equipo docente faga un diagnóstico de partida de cada alumno/a e do conxunto do grupo. A avaliación inicial é un dos elementos que nos indica a necesidade de adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilidade modular.



Esta avaliación inicial, poderase facer mediante unha proba escrita, u ben, facendo nunha sesión de clases varias preguntas orais para estudar o nivel xeral do alumnado. Pois, o alumnado moitas veces, chega a este módulo de distintas especialidades de ciclos ou Bachellerato, sen coñecer tan sequera de que trata o módulo.

Co fin de minimizar a brecha dixital no Centro desenvólvese no comezo do curso unha enquisa de recursos que sinala que case a totalidade do noso alumnado dispón de ordenador e de conexión a internet para acceder á metodoloxía a distancia.

En relación con aqueles alumnos/as que non dispoñen de medios, facilitaráselle aos alumnos desde a Consellería de Educación e a través do instituto dos medios necesarios para continuar co proceso de ensino.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A atención á diversidade é a vía que permite individualizar, dentro do posible, o proceso de ensinanza e aprendizaxe. A programación debe ser aberta e flexible para atender á diversidade do alumnado, posibilitando niveles de adaptación curricular ás condicións específicas de cada alumno ou alumna.

Una vez detectada a situación de partida do alumnado mediante unha proba inicial ou polo que aportan os informes de orientación de cada alumno/a, pódense ter tres situacións típicas:

- Diversidade por diferentes ritmos de aprendizaxe ou por diferentes niveles de coñecemento.
- Diversidade por condutas difíciles e pouca adaptación á escolarización
- Discapacidade física o psíquica.

Para iso aplicaranse as seguintes medidas:

Utilización de metodoloxías diversas.

Pártese da base de que un método de ensinanza que é o mais apropiado para uns alumnos/as con unhas determinadas características pode no selo para alumnos/as con características diferentes, e á inversa.

Desde este punto de vista, procurarase adaptar a forma de enfocar ou presentar os contidos ou actividades en función de os distintos graos de coñecemento previos detectados no alumnado, de os seus diferentes graos de autonomía e das dificultades identificadas en procesos anteriores con determinados alumnos/as.

Propoñer actividades diferentes

As actividades que planéense situaranse entre o que xa saben facer os alumnos/as autonomamente e o que son capaces de facer con a axuda que poden ofrecerlles o profesor ou os seus compañeiros/as.

Preveranse un número suficiente de actividades para cada un dos criterios considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, de maneira que se podan traballar estes con esixencias distintas.

Prepararanse tamén actividades referidas a criterios non fundamentais, complementarios o de ampliación, para aqueles alumnos/as que podan avanzar mais rapidamente ou que o fagan con menos necesidade de axuda e que, en calquera dos casos, poden afondar en criterios a través de un traballo mais autónomo.

En caso de xurdir actividade semipresencial e ou non presencial as actividades de reforzo serán de forma telemática según se detallan no apartado 5.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Neste módulo desenvolvemos actividades que contribúen a que o alumnado desenvolva as seguintes capacidades:

- Educación moral e cívica: fomentando o respecto polas persoas, sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou relixiosa, valorando o pluralismo e a diversidade.
- Educación para a paz: traballando a actitude fronte ós conflitos, véndoo como algo natural que, ben entendidos, axudan á convivencia e a madurez.
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- Educación medioambiental: potenciando o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético.
- Educación para a saúde: traballando a atención e o respecto polas normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos. Fomentando o respecto pola orde e limpeza do posto de traballo.. Protocolo COVID-19 do centro
- Educación do consumidor: potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos.

Os valores axudan a crecer e fan posible o desenvolvemento armonioso de tódalas cualidades do ser humano. Os valores que se fomentaran en clase mediante a actividade diaria son:

- AUTOESTIMA

A autoestima é a capacidade de amarse a si mesmo e aceptarse tal como un é. Cando un se ama a si mesmo, desperta e sente amor acia os demais. E cando as persoas se aman resulta máis fácil facer un mundo mellor.

- TOLERANCIA

Todas as persoas polo feito de selo, merecen ser respetadas. Cando respetamos a alguén, estamos recoñecendo os seus dereitos e a súa dignidade como persoa.. Isto entraña dúas coordenadas básicas: a do respecto hacia nos mesmos e a do respecto ós demais. Si unha persoa se respecta a si mesma, facilmente respetará aos demais. O respecto e a tolerancia son valores clave para lograr unha convivencia pacífica nun mundo multicultural.

- RESPONSABILIDADE

A responsabilidade é a facultade de responder dunha maneira adecuada coas nosas accións ás situacións que se nos presentan na vida. Danse dentro do marco da liberdade. Por iso, liberdade e responsabilidade van sempre unidas e non poden entenderse unha sen a outra.

- COOPERACIÓN

Cooperar é colaborar uns con outros para conseguir un mesmo fin. Sen a colaboración de uns e outros sería imposible a convivencia. Uns dependemos de outros e faise necesario aprender a axudar, a traballar en equipo, así como a desenvolver esa parte da intelixencia emocional que nos fai poñernos na pel do outro, adiviñar as súas necesidades e saber resolver os conflitos de maneira pacífica.

Prestarase especial atención ao aspecto emocional do alumno/a e a posible influencia deste no seguimento do proceso de ensino perseguindo que ningún alumno/a véxase prexudicado pola situación xerada no caso de ter actividade semipresencial e/ ou non presencial.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A actividade de aprendizaxe na aula complementarase con visitas a industrias dos sectores de actividade relacionadas co futuro profesional do alumnado e congresos e competicións de FP: FPIInnova, Skills,... Asimesmo asistirán a charlas impartidas no centro relacionadas coa súa inserción profesional ou con aspectos técnicos específicos do seu currículo. Estas actividades concretaranse durante o curso en función da dispoñibilidade de empresas, conferenciantes etc e reflectiránse na memoria de fin de curso.